



CONCELLO
DE PONTEDEUME



42 BAIXADA do eume

Pontedeume 2008

7 de setembro - saída ás 17:30 hrs

Copa Xunta de Galicia

Regulamento (sinopse) 42 BAIXADA DO EUME EN PIRAGUA

Organización
A organización técnica e execución da 42 edición da Baixada do Eume corresponde ao club Náutico Firrete de Pontedeume e á F.G.P. que actuarán a través dos seus órganos executivos.

Lugar, data e hora
Río Eume, con saída superior desde o 2º refuxio (Monfero) e chegada na “Ponte de Pedra” en Pontedeume, o domingo día 7 de setembro de 2008 a partir das 17:30 h.


CATEGORÍAS	SEXO	EMBARCACIONES
Sénior – Xuvenil – Cadete	Muller	K-1
Sénior - Xuvenil – Cadete	Home	K-1, C-1, K-2
Veteranos (non puntúa)	Muller e Home	K-1 e C-1

Lugar da saída	Embarcacións Participantes	Distancia de Competición	Horarios de Saída	Tipo de Saída	Peche de control
1º refuxio	Mulleres e Canoas	7 km	17:30	Desde a auga	10 min.
2º refuxio	Kaiak Homes	12 km	17:30	Tipo Sella	20 min.

Así mesmo, dependendo do número de participantes e para garantir a corrección na saída, a organización poderá dispoñer sistemas de saídas por categorías e/ou alternativos. Antes de cada saída realizarase un control de embarcacións e palistas en terra. Unha vez realizada a 1ª saída realizaranse os controis e saídas sucesivas.

Trofeos e medallas
Serán entregados trofeos aos tripulantes das tres (3) primeiras embarcacións de cada modalidade e categoría establecidas no presente regulamento, e trofeos aos tres (3) primeiros clubs clasificados.

O gañador por clubs (Trofeo Endesa de Piragüismo), conforme ao presente regulamento, será agasallado cunha embarcación K-1 que se lle dará no acto de entrega de premios.



Ao primeiro clasificado na categoría senior de cada unha das modalidades se lle entregará un talón por valor de 300,00 euros (Premios Cabreiroa).

A entrega de trofeos realizarase, unha vez comunicados os resultados oficiais, na praza do Concello de Pontedeume ás 20 h.

Saúda do Alcalde

A forza da vontade, o sacrificio persoal e a sa rivalidade forman parte inseparable da traxectoria dos deportistas máis destacados. Son estas virtudes as que se manifestan especialmente cando se practican nun club coa soleira e categoría que ten adquirido o **Club Náutico Firrete**.

Este club ten sido capaz de axuntar moito tesón, unha admirable unidade e unha gran cohesión, froito da xenerosidade no traballo e do compañerismo, virtudes que son os alicerces do éxito.

A historia do club eumés vai parella á edición cada ano da **Baixada do Eume** en piragua, regata que se mantén ininterrompidamente desde o ano 1967. Desde aquela ata hoxe foron moitas as persoas que contribuíron, grao a grao, a forxar o que hoxe é esta institución no piragüismo nacional: Xulio e Víctor Garabana, Eduardo Veiga, Jesús Fornos, Jesús Losada, Santiago Couce, Jesús e Sandra Villar, David Curbeira, Pablo Tenreiro, Jesús R. Beceiro, Jorge Salgado, Jorge Carro, Ramiro Piñeiro, e tantos outros que quedan no tinteiro, non por esquecelos senón por ser unha lista tan longa que faría proluxa estas breves liñas.

Campionatos e torneos de todo tipo e categorías, programa Firrete-Aventura, escola municipal de piragüismo, equipos de ocio turismo son algunhas das actividades que enchen a historia do Club Náutico Firrete. Orfos, tantas e tantas veces das necesarias axudas, os seus frecuentes triunfos lembran ese trazo que fai aínda máis grande aos que loitan pola vitoria: ir a ela con brío e fe, atopando consolo na derrota e moderación no triunfo. Por estas virtudes o club eumés está nun posto relevante do piragüismo internacional. O seu último éxito é o recente subcampionato obtido por Miguel Soro López na Copa Mundial de maratón na localidade portuguesa de Crestuma. E así ao longo de corenta anos os eumeses tivemos a oportunidade de admirar e subliñar a forza da intelixencia, do sacrificio e da excelencia nos padexeiros do C.N. Firrete.

Queremos que ese mensaxe se siga transmitindo a todos os rapaces eumeses, para que se engrandezan con eses valores, se sumen con ilusión á gran aventura da vida e que os deportistas do club, xunto con esa andoriña mariña “O Firrete” siga percorrendo o río Eume, e a Ría de Ares e novas augas a prol de novos éxitos.

Noraboa ao Club, aos seus dirixentes e deportistas.


Gabriel Torrente Piñeiro
Alcalde de Pontedeume



Saúda da Xunta Directiva

Cada ano, ao chegar o mes de setembro, o piragüismo eumés cítase nas augas do río eume, é a **festa das piraguas** en Pontedeume, que tradicionalmente se celebra a primeiros de setembro, integrándose no programa das Festas Patronais, "As Peras".

Como verdadeiro símbolo da nosa entidade deportiva cada ano pensamos na procura de recursos, tanto humanos coma económicos, que fagan posíbel a celebración dunha



Miguel Soro López competindo na 1ª Regata Nacional de maratón en Aranjuez.
15/03/2008

edición, que sexa mellor e con maior brillantez que a anterior; a sabendas que é o noso gran escaparate. Remata a xestión dunha tempada que toca ao seu fin.

Debemos falar este ano dunha campaña agrídoce; excelente no aspecto deportivo e un pesadelo no referente á construción da instalación deportiva que debe acoller ao Firrete.

Por unha parte e digno de resaltar o bo facer dos máis pequenos que, no momento de redactar estas liñas, ocu-

pan o primeiro lugar na clasificación por clubs na **Copa de España de Promoción** e no **Gran Premio de Galicia de Promoción**.

Tamén, como non podía ser douto xeito, celebramos o subchampionato de **Miguel Soro López na 2ª competición da Copa do Mundo** de maratón. Confiamos que o canoista eumés acade, nos próximos controis selectivos do equipo nacional, unha praza para disputar o Campionato do Mundo que terá lugar na República Checa entre o 18 e o 20 de setembro.

Como dicíamos o compoñente agre sérvenolo, unha vez máis, o retraso na obra da que será a nosa **instalación deportiva**. Un proxecto presupostado a baixa por parte do arquitecto redactor e a burocracia da administración pública, pospoñen o gran sono do piragüismo eumés, que os deportistas do Firrete gocen dunha instalación digna, e que teñen ben merecida.

Queremos aproveitar está "42 Baixada do Eume" para lembrar a **D. José Ramón Corral Bustabad**, compoñente do equipo do Firrete no ano 1996, falecido a finais de xaneiro en accidente de tráfico. Momentos previos a saída dos padexeiros botaremos ao río eume un ramo de flores para recordar a quen tantas e tantas veces padexou por el.

Un saúdo, vémonos o día sete.

A Xunta Directiva do Club Náutico Firrete

D. José Ramón Corral Bustabad

O 31 de xaneiro deste ano, o mundo do piragüismo recibía unha trágica noticia, un dos seus, D. José Ramón Corral Bustabad, falecía aos 34 anos a consecuencia das lesións sufridas nun accidente de tráfico.

Corral deu as súas primeiras paladas nas categorías de base do club do seu pobo natal, o Grupo Xuvenil-Endesa das Pontes, co que padexou a maior parte da súa vida deportiva. Xa de senior, no ano 1996, formou parte do equipo eumés (Náutico Firrete) e regresou de novo ao Grupo Xuvenil, antes de recalar no club As Torres-Romería Vikinga de Catoira; co que participou, unha semana antes do accidente, na Regata Internacional Pais de Calais (Francia), logrando a medalla de prata na categoría de veteranos.

No seu currículo deportivo, ademais da histórica vitoria en K-1 no **Descenso Internacional do Sella, ano 1996**; cabe subliñar o título de campión de España de maratón, na mesma modalidade, logrado en 1998 na ría de Ribadesella. Ademais, foi cinco veces internacional coa selección nacional española de maratón.

Os últimos recoñecementos chegaronlle xa a título póstumo. O pasado mes de maio ingresou na **Real orde do mérito deportivo**.

Por encima dos seus destacados meritos como deportista e o seu labor de adestrador, é digno de destacar a súa gran personalidade, capacidade de traballo e entrega a un deporte que o apaixonaba.

O río eume e os seus padexeiros non che esquecen.



Corral é o único padexeiro galego que logrou a vitoria en K-1 senior nos 72 anos de historia do Descenso Internacional do Sella.

Nesta imaxe, aparece xunto a Eduardo Veiga (presidente), Pablo Tenreiro (adestrador persoal) e os seus compañeiros de equipo nunha viaxe a Sevilla para participar no "Campionato de España de Inverno-1996".



Corral, 5 veces campión en K-1 senior da "Baixada do Eume".

O adestramento das sensacións

Cando un adestrador afronta a preparación dos seus deportistas son moitos os aspectos que debe formularse; debe elixir o material e o lugar idóneo para desenvolver a súa actividade, decidir que capacidades condicionais vai traballar, como, canto e cando o vai facer.

Debe tamén favorecer as capacidades volitivas do deportista, aumentar a súa disciplina, a súa capacidade de sacrificio, o seu espírito de loita. Se espera conseguir resultados, debería incidir sobre os factores psicolóxicos: motivación, concentración...

A todo iso, cada adestrador dedica unha inmensa cantidade de tempo, pero hai un aspecto do padexo en piragua que para min é determinante fronte aos demais: a capacidade do padexeiro para **sentir** a auga.

Utilizamos diferentes termos para referirnos a esta sensación: noción de punto duro, o agarre na auga, enganchar auga... sabemos do que falamos pero é evidente que non todos os padexeiros teñen a mesma sensibilidade, ata diría que cada un o sente dun xeito diferente e sen lugar a dúbidas iso determina o seu rendemento.

En ocasións temos deportistas con moi bos niveis de forza e resistencia, cunha técnica que podemos considerar válida e que traballan duro nas súas sesións de adestramento e malia iso o seu rendemento non é o que cabería esperar; en cambio outros que traballan menos ou simplemente non teñen as mesmas condicións obteñen un rendemento moito maior (e refírome a rendemento intrínseco e non a resultados deportivos).

Algunha vez creo ter escoitado a alguén atribuír a este factor sensitivo a explicación de como, nestes tempos nos que o piragüismo alcanzou un alto grao de especialización, un deportista pode gañar nun mesmo ano e con apenas un mes de diferenza o Campionato do Mundo en K-1 1000 m e o Campionato do mundo de Maratón.

Como podemos, pois, incidir sobre este aspecto?

Cando enumerei as múltiples tarefas que debe afrontar o adestrador non mencionei a **técnica**, non porque non lle dea importancia, senón todo o contrario, pois estou firmemente convencido de que se dalgún modo podemos axudar aos nosos deportistas a identificar e interpretar as sensacións correctas é a través dela.

Agora ben, non se debe tomar un modelo técnico como a panacea, non é cuestión de robotizar aos nosos deportistas, de fotocopiar o padexo do que ese ano fora campión do mundo.

A experiencia dinos que a execución dos modelos sempre é interpretada de forma diferenciada e individual por cada padexeiro e esa adaptación ás peculiaridades do depor-



tista, aos seus niveis condicionais ou coordinativos, é o que denominamos **estilo** e é moi posible que sexa aí onde se acubillen as sensacións que necesitamos.

O control e a regulación do movemento leva ao dominio técnico do xesto específico de calquera actividade física ou deportiva, pero antes da aparición deste, faise necesario adquirir certo nivel de perfeccionamento básico dunha serie de aptitudes, as cales veñen condicionadas polo dominio de aspectos de **percepción**, toma de decisións e finalmente execución. Son polo tanto as calidades coordinativas as que permiten ao padexeiro realizar os movementos con precisión, economía e eficacia.

A técnica en piragüismo é un asunto complexo no que inflúen diversas variantes como son o **padexeiro**, a **pa**, a **embarcación** e a **auga**.

Imre Kemecsey, no seu artigo "A Arquitectura do Padexo" dábanos a clave para solucionar este problema:

"A situación ideal no deporte é a redución do medio ao menor número de compoñentes posibles. Na técnica de piragüismo sería a creación dunha estrutura equilibrada constituída por padexeiro-embarcación, de tal maneira que se poida pensar neles como unha soa dentro do medio"

Ao meu modo de ver é esta a primeira sensación importante que debemos desenvolver nos nosos deportistas, que sexan coa súa pa e piragua un único ente indivisible buscando o deslizamento.

Outra peculiaridade do noso deporte, que infire aínda máis complexidade ao asunto é que o punto de aplicación da forza na auga non está predeterminado coma si acontece noutros, debemos buscalo e é aquí onde as sensacións marcan as diferenzas.

O punto idóneo onde debemos engancharnos á auga, onde aplicar a maior potencia que sexamos capaces é o que ao final determinará se alcanzamos o éxito.

Existen diversos métodos de traballo que poden axudarnos a identificar as sensacións correctas; adestramentos con freo ou peso, utilizar diferentes pas, padexo en embarcacións de equipo, padexo en balsa ou eliminando o deslizamento, ... pero o que está claro é que aquí a capacidade de percepción do padexeiro é a verdadeira protagonista.

E aínda que contamos con pulsímetros, gps, contapadas que facilitan o noso traballo noutros aspectos, non existe medio no mundo capaz de medir as sensacións.

Oscar Calvo Tenreiro

Adestrador do Club Náutico Firrete





Equipo de Competición225 padexeiros federados
Equipo de Ocio70 compoñentes
Programa Firrete-Aventura2.000 participantes

Empresa Patrocinadora:



CABREIROÁ

A pesar de todo; boa promoción

Os **infantís** do C.N Firrete estivemos a competir por Galicia e toda España durante todo o ano, visitando os lugares de adestramento doutros moitos clubs.

Tamén pasamos por moitos sitios onde se celebraron regatas nas que subimos ao podio, todo grazas á perseveranza e esforzo dos adestradores, e a nós, os padexeiros.

Pero aínda que sexamos dos mellores clubs de España, malia que antes das regatas os nosos adestradores traballan como “escravos exipcios”, e a nós, os padexeiros, nos dean tremores e nos suba unha estraña “serpe” dende o estómago á garganta, feita de puros nervios, malia esgotarnos nas regatas, malia o diñeiro que se gasta en levarnos a lugares como Ibiza, Murcia ou Zaragoza, nosas instalacións son as peores.

Actualmente estamos nos **almacéns** de Raxoi, que están en mal estado. A nosa parte inúndase cando chove moito e a auga chéganos por enriba dos nocellos.

Pensen que o Firrete xa pedira a construción dun club, pero por un erro, todo se foi ao garete. O Firrete preocúpase pola instrución de moitas persoas para o piragüismo, pero como o vai facer se non dispón dos medios necesarios?

Póñanse no noso lugar, se vostedes practicasen piragüismo, non lles gustaría practicalo en boas condicións?



Espero que en breve se constrúan unhas **instalacións decentes** para os nosos adestramentos e que nada impida a continuidade do Firrete para poder seguir gozando do piragüismo.

Antón Carro Fuentes
Padexeiro infantil do C.N Firrete

Pontedeume réndese aos máis pequenos

O sábado 12 de xullo celebrábase en Pontedeume (nas augas próximas ao paseo marítimo) a 3ª competición do **1º Gran Premio de Galicia de alevíns e Benxamíns**; unha liga de carácter autonómica integrada por catro competicións: a de Pontedeume, unha en Lugo e outras dúas en Pontevedra.

Preto de trescentos deportistas, nenos e nenas de idades comprendidas entre os 8 e 12 anos, padexaron en kaiak individual (K-1) por un circuito balizado percorrendo un total de 1.500 metros.

O Club Piragüismo As Torres-Romarí Vikinga foi o vencedor absoluto por equipos da competición cun total de 1790 puntos. Acompañáronlle no pódium: o Club Breogan-Out. Xunqueiriña do Grove que con 1667 puntos foi o segundo clasificado, e o Club Náutico Firrete que sumaba 1485 puntos.


A Xunta Directiva do Club Náutico Firrete que tiña por obxectivo organizar en Pontedeume unha competición para **promocionar** o piragüismo entre os máis pequenos, congratúlase do bo discurrir da mesma e polo numeroso público que acudiu a presenciar as 6 regatas que compuña o programa.



Memoria da 41ª baixada

Un ano máis, a Xunta Directiva do Club Náutico Firrete organizou o evento deportivo con máis tradición na Vila dos Andrade (Pontedeume), a Baixada do Eume en Piragua – 20ª trofeo endesa.

A Baixada do Eume, competición de maior antigüidade do deporte da piragua na provincia da Coruña, e a terceira, tras a Copa Miño de Lugo e a Travesía Ría de Foz, de todo o territorio galego, que é o mesmo que dicir unha das máis antigas de España; foi ao igual cos últimos anos puntuábel para a Copa Xunta de Galicia (Gran Premio de Ríos e Travesías).



Integrada nos actos das festas patronais (As Festas das Peras), o sábado 09 de setembro, a partir de las 17:30, preto de douscentos piragüistas pertencentes a trinta clubs gozaron do seu percorrido tradicional.

A primeira embarcación K-2 SÉNIOR en cruzar a liña de meta foi a formada por **Javier Conde Santos** e **Antonio Palmas Regueira** do Club Piragüismo Vilaboa, que cun tempo de 46:28 avantaxaban nun minuto e catorce segundos á parella formada por Alberto Rodríguez e Francisco Vázquez do Club Cofradía de Pescadores de Portonovo; Brais Sánchez e Breixo Buján compañeiros dos gañadores cruzaban a meta en terceiro lugar cun tempo de 47:58.

Pola súa banda, en K-1 SÉNIOR **Jesús Rodríguez León**, do Club Náutico Firrete impoñíase con moita autoridade e por sexto ano consecutivo ocupaba a primeira praza por diante de Juan Jesús Pazos (Club Piragüismo Vilaboa) e do seu compañeiro de equipo Santiago Cruz.

No que se refire á competición de DAMAS E CANOAS SÉNIOR destacamos a participación de **Yeray Picallo Vila** do Club Náutico Firrete que foi o primeiro canoísta en cruzar a liña de meta; por detrás entraban Pablo Provecho, do mesmo club e Ismael Pesado (Club de Piragüismo As Torres Romerís Vikinga). **Laura Rodríguez García** do Club Náutico Firrete facía o propio no k-1 damas, avantaxando a Olga Naverrete (Club Náutico Cambre), quen fora a gañadora das últimas cinco edicións, e Rebeca Vázquez (Club Náutico Firrete).

En canto á clasificación do resto das categorías, estes foron os gañadores de cada unha delas:

K-2 JÚNIOR. Ricardo Ligerio Valladares e Miguel Piay González (Club Piragüismo Vilaboa)
K-2 CADETE. Jonathan Santiago Irago e Miguel Suárez Otero (Club Piragüismo Illa de Arousa)
K-1 JUNIOR. Adrián Carpente Recouso (Club deportivo Náutico de Miño)
K-1 CADETE. Diego Castro Santos (Club Piragüismo Vilaboa)
C-1 JUNIOR. David Maquieira Piñeiro (Club Fluvial de Lugo)
C-1 CADETE. Jesús Alberto Gómez Otero (Club Cofradía de Pescadores de Portonovo)
K-1 DAMA-JUNIOR. Rocío Pazos Barcala (Club Piragüismo Vilaboa)
K-1 DAMA-CADETE. Tania Fernández García (Club Fluvial de Lugo)

O **CLUB PIRAGÜISMO VILABOA** foi o vencedor absoluto por equipos do **20º TROFEO ENDESA** cun total de 209 puntos. Acompañárono no podio o CLUB COFRADIA DE PESCADORES DE PORTONOVO, que con 176 puntos foi o segundo clasificado, e o CLUB NÁUTICO FIRRETE que con 175 puntos tivo que se conformar coa terceira posición.

Como todos os anos, o acto de entrega de trofeos aos vencedores tivo como lugar de celebración “A Praza Real de Pontedeume”, á que acudiron numerosos afeccionados a este deporte con gran tradición local; visitantes e acompañantes dos deportistas ovacionaron aos gañadores.

Presidido polas autoridades autonómicas, provinciais, locais e deportivas, así como polos representantes de Endesa (patrocinador da baixada) e Cabreiroa (patrocinador do Club), o acto tivo lugar as oito da tarde.



Empresas colaboradoras



Firrete Ouro


A Cociña
Academia Vila
Agestión
Albergue Alvarella
Audio Móvil
Bar A Girandola
Bar Chona
Bar D'Jes
Bar La Ruta
BBVA
Bodegas Castellanas
Cantina Río Covés
Chapu Bar
Confitería El Carmen
Fotocopias Joypa
Fotografo Jorge Sarmiento Calvo
Freixo Café
Gadis
La Caixa
La Tienda de Popola
Manuel Rey-Concesionario Peugeot
Materiales de Construcción Barallobre
Mesón Priorato
Molares
O Cabazo
Odeón
Óptica Tábor
O'Trasteiro
Panadería Patricio
Panadería Ríos
Pescadería Pili
Pladur Filgueiras Santos
Pladureume / Autos Bermar
Pub Apnea
Recreativos Teny's
Restaurante Andarubel
Restaurante Hostal Luis
Restaurante Luis
Taberna Cubana
The Garden
Tito Ríos
Verde Manzana

Firrete Prata

Firrete Bronce

Academia Moares
Bar Barón
Café Bar Os Chaos
Cafetería Bogabante
Chacinería As Landras
Churrería El Puente
Electricidad Permuy
Ferretería Leira - Esteiro
Joyería Rodríguez Corral
Librería Cunqueiro
Muebles La Mina
Óptica Eume
Saneamientos Leira

Admón. de Lotería nº1
Antoxos
Bar O Norte
Bar Pescador
Cacharreira
Café Bar A Raiola
Carnicería Angel
Confecciones Martiño
Estanco Macamen
Estudio Fotográfico Efixie
Herboristería Bétula
Obradoiro
Perfumería Niebla
Relojería Chema
Toci Peluqueros-Bar Stollen





REVISTA SUBVENCIONADA POR:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística